

# boletín do cesg

Colexio de  
Educadores Sociais  
de Galicia

Nº32 MAIO 2006



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

---

Rúa Gómez Ulla, 7-3º  
15702 Santiago de Compostela  
[cesg@colexioeducadores.com](mailto:cesg@colexioeducadores.com)

# Asembleas Xeral Ordinaria e Extraordinaria do CESH

Nos estatutos do CESH recóllese que polo menos unha vez ao ano debe convocarse unha Asemblea Xeral Ordinaria, para aprobar (se procede) o balance, liquidación orzamentaria e memoria do exercicio anterior e aprobar os orzamentos e propostas de traballo do vindeiro exercicio.

Nesta ocasión, a Asemblea fíxose coincidir coa primeira xornada da *Escola de Primavera*, o día 19 de maio.

Ademais, no mesmo contexto, convocouse unha Asemblea Xeral Extraordinaria coa proposta do cambio de nome da nosa entidade polo de "Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia". No momento de creación do colexio, a denominación proposta incluía o feminino, igual que fixeron máis adiante na maior parte de colexios autonómicos, pero non foi aceptada e tivo que descartarse. Pasado o tempo, pensamos que este momento pode ser o adecuado para o cambio de nome. A proposta foi aprobada polos colexiados/as asistentes. En consonancia con isto, aprobouse tamén a modificación dos estatutos do CESH no que respecta á denominación da entidade.

Na Asemblea Xeral Ordinaria, a parte dos puntos establecidos polos estatutos, incluíuse na Orde do día a elección do método de auditoría dos gastos e ingresos do CESH no período 2003-2007 cara á renovación ordinaria total ou parcial dos membros da Xunta de Goberno en 2007. Esta auditoría é unha obriga establecida pola Lei 11/2001, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 32.3) e polos estatutos do CESH (art. 57). As opcións que existen para este cometido son dúas: auditoría externa, realizada por unha empresa privada á que se lle encarga o traballo, que tería un custe económico moi elevado, e a auditoría interna, que foi a proposta pola Xunta de Goberno do CESH e que finalmente se aprobou. O método de auditoría aprobado consiste na elección por sorteo, de entre todos/as os/as colexiados/as con dereito a voto, de tres colexiados/as censores de contas e tres colexiados/as suplentes. Este cargo será incompatible co de membro da Xunta de Goberno e obrigatorio (salvo forza maior acreditada), debendo gardar o deber de sigilo ao respecto dos datos dos que se obtén coñecemento como consecuencia do exercicio das súas funcións. Dende o momento da súa designación e ata a toma de posesión na nova Xunta de Goberno, os/as colexiados/as censores de contas procederán á revisión na sede do CESH dos libros contables e cantas facturas ou xustificantes consideren necesarios para o cumprimento da súa obriga, ben por si sós, ben acompañados dun asesor en contabilidade. Para este cometido, a Xunta de Goberno prestará todo o apoio material e humano, a través da Secretaría Técnica do CESH e do Asesor Contable e/ou do Tesoureiro do CESH. Os censores de contas deberán emitir informe por escrito que só haberá de referirse á exactitude e veracidade dos datos económicos consignados nos libros contables revisados. Este informe presentarase a todos os/as colexiados/as na primeira Asemblea que se celebre tras as eleccións. No caso de que este informe fora negativo, procederase a solicitar unha auditoría de contas externa.

No relativo aos outros puntos da orde do día, cabe salientar a aprobación dos plans de traballo do CESH, en cada unha das súas áreas de traballo, para o ano 2006, que se caracterizan pola continuidade respecto do traballo anterior, engadindo ademais algunhas actuacións que resumimos a continuación.

- Área de Comunicación e Servizos aos/ás Colexiados/as.

- Confección dun regulamento interno do CESH, que se presentará na asemblea de 2007.
- Edición dun novo díptico con información ampliada do CESH, vogalías, grupos de traballo... para difusión a nivel autonómico.
- Publicación de artigos nos medios de comunicación.
- Creación de grupos de apoio en institucións relacionadas coa educación social.
- Constitución dun grupo de traballo nas Facultades de Educación Social das tres universidades galegas.
- Promoción dos Grupos de traballo do CESH a través da web [www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com), co obxectivo de promover a participación colexial.
- Elaboración dun manual de imaxe corporativa.

- Área de Observatorio da Profesión.

- Elaboración dunha base de datos ampla que recolla os recursos sociais e educativos existentes na comunidade autónoma.
- Participación activa na Comisión de Situación Profesional de ASEDES.
- Elaboración e difusión das conclusións da enquisa sobre traballo e educación social.
- Elaboración dun protocolo de actuación en relación co seguimento de convocatorias de emprego.
- Seguimento do traballo dos educadores sociais peritos xudiciais. Promoción desta figura.
- Elaboración dun listado de postos de educador/a social en cada unha das consellerías da comunidade autónoma.
- Proposta de investigación á Secretaría Xeral de Igualdade para a colaboración nunha investigación para a elaboración dun *modelo de Servizos Sociais Especializados no ámbito da familia, infancia e adolescencia a nivel municipal*.

Ademais, dada a súa relevancia, cremos necesario sinalar que a atención seguirá centrada en temas que comezaron a abordarse tempo atrás, como son a modificación do IV Convenio Colectivo Único de Persoal Laboral da Xunta de Galicia; modificación da Orde de Educadores Familiares; incorporación do educador/a social en centros escolares, e modificación do Convenio de Residencias Privadas de Terceira Idade.

- Área de Formación Permanente e Participación Colexial.

Nesta área cabe salientar a organización dalgunhas accións formativas xa levadas a cabo (Escola de Primavera, Curso sobre peritaxe xudicial, II Xornadas sobre Xerontoloxía e Educación Social, Presentación do Código Deontolóxico nas tres universidades galegas, e colaboración no curso de prevención de drogodependencias na escola do colectivo *Rueiros*)

Ademais, entre as accións previstas a partir deste momento, atópase a organización dun espazo de encontro sobre Mulleres e/ou Animación Sociocultural en Pontevedra e as III Xornadas sobre Xerontoloxía e Educación Social en Lugo, ademais da colaboración coas II Xornadas sobre profesorado e educadores/as sociais de *Nova Escola Galega* e coas xornadas técnicas sobre violencia do colectivo *Rueiros*.

- Área de Presidencia e Relacións Institucionais.

A nivel representativo ou institucional, o CESH seguirá atendendo a todas as actividades nas que se estime oportuno que estea presente, e incrementarase e reforzarse a relación con entidades públicas e privadas que teñan relación co exercicio da nosa profesión.

Nas relacións externas, a prioridade centrarse na coordinación co resto de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais do Estado e con ASEDES para a creación do *Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales*. Ademais disto, salientamos:

- Colaboración activa con ASEDES, nas comisións de Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales e Comunicación.
- Participación na redacción ou mellora de documentos básicos que se estean a realizar en ASEDES (código deontolóxico, funcións e competencias do educador/a social...etc.)
- Colaboración cos colexios de educadoras e educadores sociais do resto do estado existentes, ou cos que poidan xerarse durante o 2006, coa sinatura de convenios de colaboración nas materias de interese común que beneficien á profesión e/ou aos/ás colexiados/as.
- Intervención en representación ou conxuntamente co resto de colexios de educadoras e educadores sociais do estado, en todas as políticas sociais do goberno que consideremos preciso, con posicionamentos concretos.

En canto ao traballo interno, a presidencia realizará as tarefas de coordinación das áreas de traballo, dos membros da Xunta de Goberno, da Xunta Permanente, e do persoal contratado no CESG, así como constituír as comisións que considere oportuno.

Para poder consultar con máis detalle todas as cuestións expostas na Asemblea, a documentación estará dispoñible na nosa web ata principios do mes de xullo.

Colexio de Educadores Sociais de Galicia

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- |  |   |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Reunión coa Xefa de Servizo de Protección de Menores da Xunta de Galicia, D<sup>a</sup>. Sagrario González Parra e con dous técnicos do mesmo servizo para presentarlle as propostas de traballo do CESG nos ámbitos da protección e reeducación de menores. A reunión estaba prevista con D. Alberto Tizón Martín, Subdirector Xeral de Menores, que non puido asistir. Día 3 de maio.</li> <li>✓ Reunión co Subdirector Xeral de Maiores, D. Xosé Manuel Boán Méndez, para amosarlle o papel do Educador/a social no ámbito de persoas maiores, presentarlle o estudo que está a realizar o Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do CESG sobre o tema, e a situación actual dos Educadores/as Sociais que traballan no ámbito en Galicia. Día 10 de maio.</li> <li>✓ Reunións cos sindicatos U.X.T., CC.OO. e C.I.G. (días 9, 15 e 18 respectivamente) para solicitar a inclusión nas actuais negociacións do <i>Convenio Colectivo de Residencias Privadas de Terceira Idade</i> da mellora da situación dos Educadores/as Sociais.</li> <li>✓ Envío de escrito, conxuntamente con <i>Nova Escola Galega</i>, á Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, D<sup>a</sup>. Laura Elena Sánchez Piñón para invitala ao acto de apertura das <i>II Xornadas: A escola ¿punto de encontro entre o profesorado e os educadores/as sociais?</i>, convidándoa ademais a ter unha audiencia con D. Carlos Sánchez Polo, deputado e Presidente da Comisión de Educación da Asemblea de Extremadura, que estará presente nas mesmas, e que no seu día foi o responsable da incorporación dos educadores/as sociais aos centros de secundaria nesa comunidade.</li> <li>✓ Participación no Congreso de Servizos Sociais Municipais (A Coruña, 3, 4 e 5 de maio), en representación de todos os colexios de Educadores e Educadoras Sociais do estado, mediante a disposición dun stand no que se expuxeron materiais das súas entidades. O obxectivo desta actividade era dar a coñecer o labor deste profesional no ámbito da atención primaria.</li> <li>✓ Asistencia por parte de Laura Cruz, vogal do CESG, á <i>Reunión para o debate da prevención de menores</i>, organizada pola Secretaría Xeral do Benestar da Xunta de Galicia. Día 18 de maio.</li> <li>✓ Envío de escrito á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Coordinación Universitaria do Ministerio de Educación, en relación co "Real Decreto 168/2004, de 30 de xaneiro, polo que se regulan as condicións para a declaración da equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de Diplomado en Educación Social establecido polo Real Decreto 1420/1991, de 30 de agosto", solicitando a expedición dunha certificación de equivalencia clara e sinxela, á parte da resolución administrativa expedida na actualidade.</li> <li>✓ Envío de escrito ao Vicepresidente de Igualdade e do Benestar, D. Anxo Manuel Quintana González, e ao Director Xeral de Xuventude e Solidariedade, D. Rubén Cela Díaz, para loar o seu compromiso de abrir centros similares ao Centro de Asesoramento Afectivo-Sexual de Santiago noutras cidades. Reivindicación da figura do Educador/a Social nos mesmos, así como nas Galescolas e nos centros de ensino.</li> <li>✓ Realización de aportacións ao Plan de Saúde 2006-2009, da Consellería de Sanidade, facendo constar o papel dos educadores/as sociais nos ámbitos de drogodependencias, discapacidades e persoas maiores.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Celebración das Asembleas Xeral Ordinaria e Extraordinaria do CESG, que tiveron lugar o día 19 de maio na cidade de A Coruña.</li> <li>✓ Remisión á Secretaría Xeral de Xustiza do acordo de cambio de denominación da entidade acordado en Asemblea Xeral Extraordinaria, aos efectos de facelo oficial por Decreto, tal como establece a normativa vixente.</li> <li>✓ Celebración da Escola de Primavera do CESG: Metodoloxías de Acción e Participación Socioeducativas, que tiveron lugar no Centro Cívico Municipal de Monelos da cidade de A Coruña os días 19 e 20.</li> <li>✓ Envío de escrito á Deputación Provincial de A Coruña en relación coa convocatoria para a elaboración de listas de aspirantes á contratación laboral temporal ou ao nomeamento de funcionario interino para prazas de educador/a social, solicitando que en futuras convocatorias recoñezan tamén a figura dos/as habilitados/as polo CESG.</li> <li>✓ Recurso de reposición contra a Resolución de 24 de abril de 2006 da Deputación de A Coruña pola que se aproban as bases para a elaboración de lista de aspirantes para a selección de funcionarios interinos e/ou traballadores laborais temporais para os postos de Educador (quendas de 24 horas) e/ou educador/titor/a, publicadas no BOP de A Coruña de 2 de maio de 2006, en base a requirir a titulación de diplomatura en Educación Social ou a habilitación do CESG como requisito de acceso ou, subsidiariamente, o dereito dos mesmos a participar no proceso selectivo.</li> <li>✓ Recurso de reposición contra a Resolución de 24 de abril de 2006 da Deputación de A Coruña pola que se aproban as bases para a elaboración de listas de aspirantes para a selección de funcionarios interinos e/ou traballadores laborais temporais para o posto de Director/a de Fogar Infantil, publicadas no BOP de A Coruña de 2 de maio de 2006, en base a requirir a admisión dos/as habilitados/as polo CESG en igualdade de condicións que aos/ás diplomados/as en Educación Social.</li> <li>✓ Recurso de reposición contra o Acordo de corrección de erros nas Bases para a cobertura con carácter interino de prazas reservadas para a contratación temporal de persoal laboral do Concello de Ponteareas publicadas no BOP de Pontevedra de 25 de maio de 2005, nas que se inclúe a categoría de Educador Social, en base a requirir a posibilidade de acceso a dita categoría dos/as habilitados/as polo CESG en igualdade de condicións que aos/ás diplomados/as en Educación Social.</li> <li>✓ Recurso de reposición contra as bases reguladoras do acceso a unha praza de educador familiar en réxime laboral-acceso libre publicadas no BOP de Lugo de 18 de maio de 2006, en base a requirir a admisión dos/as habilitados/as polo CESG en igualdade de condicións que os/as diplomados/as en Educación Social.</li> <li>✓ Recurso de reposición á Deputación Provincial de Ourense contra as bases para a selección como persoal laboral temporal de 3 técnicos locais de emprego publicadas no BOP de Ourense de 6 de maio de 2006, en base a requirir a admisión dos/as habilitados/as polo CESG en igualdade de condicións que aos/ás diplomados/as en Educación Social.</li> <li>✓ Estimación do recurso de reposición contra as bases reguladoras do proceso selectivo para cubrir en réxime laboral fixo unha praza de educador familiar do Concello de Caldas de Reis. A ampliación da convocatoria foi publicada no BOP de Pontevedra de 25 de maio de 2006.</li> </ul> |
|--|---|

### NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG

- *Recompilación normativa 2005*. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia.
- Xornal "Infoxove". Nº 1. Maio de 2006. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia.
- Xornal "BIT". Edición especial. Maio de 2006. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia.
- Xornal "EM. Entre Mayores. Hablamos de tí". Ano 6. Nº 57. Maio de 2006.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 220. Maio 2006. ONCE.
- Boletín "Aldizkaria". Nº 128. Abril 2006. Centro de Documentación de drogodependencias.
- Boletín "Aldizkaria". Nº 129. Maio 2006. Centro de Documentación de drogodependencias.
- Revista "Educar(NOS)". Nº 31-32. II época. Xullo-Decembro 2005.



## AVISOS



**HORARIO DE VERÁN:** Durante os meses de xuño, xullo e setembro, o horario de atención ao público nas oficinas do CESG será de 8:00 a 15:00 de luns a venres. Mes de agosto pechado por vacacións.



**COMUNICACIÓNS:** No boletín de abril explicamos a posibilidade de recibir case toda a correspondencia do CESG por e-mail en lugar de correo postal. Este servizo comezará a partir do mes de xullo. Se aínda non o fixeches, podes atopar a ficha para cubrir e enviar na páxina [www.colexioeducadores.com](http://www.colexioeducadores.com) (sección *Aviños*)

## FORMACIÓN CONTINUA

### FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

#### II XORNADAS: A ECOLA, PUNTO DE ENCONTRO

#### ENTRE O PROFESORADO E OS/AS EDUCADORES/AS SOCIAIS

**Organiza:** Nova Escola Galega, Universidade de Santiago, Universidade de Vigo e Universidade de A Coruña.

**Lugar:** Facultade de Ciencias da Educación (Campus Sur) da Universidade de Santiago.

**Datas:** 4, 5 e 6 de xullo.

**Prezo:** Membros da NEG, desempregados/as, colexiados/as do CESG, ou estudantes: 25 €. Outras situacións: 40 €.

**Prazo de inscrición:** Ata o 30 de xuño

**Información:** Nova Escola Galega

Rúa Betanzos, 1 - 1º esquerda

15703 Santiago de Compostela

neg@mundo-r.com

Tel/fax: 981 562 577 (luns, martes, mércores e xoves de 9:00 a 14:00 h.

martes e xoves de 18:00 a 20:00 h.)

www.nova-escola-galega.org

Tamén se informa das xornadas en: www.colexioeducadores.com

### XORNADA SOBRE O ABUSO DO ALCOHOL NA SOCIEDADE

**Organiza:** Concello de Pontevedra.

**Lugar:** Pazo da Cultura de Pontevedra.

**Data:** 13 de xuño

**Información:** Concello de Pontevedra.

pgonzalez@concellopontevedra.es

www.concellopontevedra.es/pmd

### FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

#### I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL (Cursos a distancia)

#### 1) CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL (100 h.)

Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselles un <b>desconto do 10%</b> aos/as colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

#### 2) CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES (125 h.)

#### 3) CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES (125 h.)

#### 4) CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLEMENTOS (125 h.)

#### 5) CURSO DE VIOLENCIA SOBRE MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS (100 h.)

#### 6) CURSO DE MEDIACIÓN FAMILIAR E INTERXERACIONAL (125 h.)

**Organiza:** I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso 1 (sen esp.)	Cursos 2, 3 e 4	Curso 5	Curso 6
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €	250 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €	230 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €	200 €

Aplicaráselles un **desconto do 10%** aos/as colexiados/as do CESG.

**Información:** I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com www.intervencionsocial.com

## NOVAS DOS BOLETINS

### EMPREGO

**Concello de Foz (Lugo):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Educador Social. Unha praza de Educador Familiar (BOE de A Coruña 5 de maio)

**Concello de Ares (A Coruña):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Axente de desenvolvemento Local. (BOE de 12 de maio)

**Concello de Ribadeo (Lugo):** Anuncio das bases específicas do acceso a unha praza de Educador familiar. (BOP de Lugo de 12 de maio)

**Concello de Arzúa (A Coruña):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Animador Sociocultural. (BOE de 22 de maio)

**Deputación de Pontevedra:** Resolución pola que se anuncia concurso para a contratación dos servizos de asistencia técnico educativa dos Campamentos no Centro de Vacacións A Lanzada para o verán de 2006 (BOP de Pontevedra de 24 de maio)

**Concello de Cambre (A Coruña):** Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Informador/a Xuvenil. (BOE de 24 de maio)

**Concello de Teo (A Coruña):** Anuncio da oferta de emprego público 2006. Unha praza de Animador cultural-bibliotecario. Unha praza de Alfabetizador dixital. (BOP de A Coruña de 29 de maio)

**Deputación provincial de A Coruña:** Resolución pola que se convoca concurso para a contratación dos servizos da elaboración e realización dun programa de oito contra as toxicomanías (DOG de 26 de maio e BOP de 30 de maio)

### OUTROS

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:** Orde pola que se convocan axudas económicas dirixidas ás asociacións e fundacións con fins pedagóxicos e sen ánimo de lucro, legalmente constituídas, para a realización de actividades organizadas co alumnado e coas familias da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2006 (DOG de 27 de abril)

**Xefatura do Estado:** Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE de 4 de maio)

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se establecen as bases e se rexen as axudas para actividades programadas por entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria (DOG de 18 de maio)

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se regulan as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de corporacións locais (DOG de 11 de maio)

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:** Orde pola que se regulan as axudas para o mantemento e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social (DOG de 18 de maio)

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:** Orde pola que se convocan plans de mellora da calidade da educación de centros educativos para o curso 2006-2007 (DOG de 24 de maio)

**Consellería de Sanidade:** Orde pola que se establecen as bases e se convocan subvencións a proxectos de accións de investigación-acción que teñan relación co esforzo global VIH-sida. (DOG de 25 de maio)

**Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:** Resolución pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia e se convocan as correspondentes para o período 2006-2007 (DOG de 25 de maio)

**Consellería de Sanidade:** Orde pola que se regulan as axudas ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de prevención do alcoholismo (DOG de 29 de maio)

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:** Orde pola que se resolve a convocatoria de axudas para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2006 (DOG de 31 de maio)

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:** Orde pola que se convocan axudas para a realización de proxectos de innovación educativa para a incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación á educación para o curso 2006-2007 e se aproban as súas bases de concesión (DOG de 31 de maio)

## OUTRAS CONVOCATORIAS

Ofertas de emprego de



Para contactar: www.cimoemplego.com  
ou chamando ao 902116039 ou 988391525

**Oferta nº:** 955356 **Localidade:** Barbadás (Ourense) **Posto:** Animador/a de ocio e tempo libre. Empresa de animación precisa persoal para traballar en festas infantís e campamentos. Con coñecementos de actividades lúdicas. Necesaria experiencia mínima de seis meses. Con carné de conducir B e vehículo propio.

**Oferta nº:** 955954 **Localidade:** Ourense **Posto:** Animador/a infantil. Realizará actividades de animación e xogos en festas infantís. Con dispoñibilidade para traballar os fins de semana. Tráballo a tempo parcial. Ata 35 anos. Necesaria experiencia.

**Oferta nº:** 955952 **Localidade:** Ourense **Posto:** Monitor/a de ocio e tempo libre. Para traballar en diversos campamentos. Necesaria experiencia e estar en posesión do título de monitor de actividades de ocio e tempo libre. Horario a tempo parcial. Valoran carné de conducir.

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

